

O Concello Pleno en sesión de data 25-2-2000, resolveu as alegacións presentadas durante o periodo de exposición pública e aprobou definitivamente o Regulamento de segunda actividade para a Policía Local e persoal de Obras e Servicios do Concello de Vilagarcía de Arousa do seguinte teor literal:

REGULAMENTO DE SEGUNDA ACTIVIDADE PARA A POLICÍA LOCAL E PERSOAL DE OBRAS E SERVICIOS DE VILAGARCÍA DE AROUSA

P R E Á M B U L O

As funcións e principios básicos de actuación do Corpo da Policía Local e do persoal de Obras e Servicios require un certo estado e preparación física. A perda destas condicións non os inhabilita para o desempeño doutras funcións dentro do Concello, permitíndolles perpetua-la súa actividade laboral de maneira útil ata a idade de xubilación.

O obxecto deste regulamento é regula-lo procedemento de paso, dende a situación de servizo activo ordinario ata aquel en que o funcionario pase a prestar servizos distintos dos que son propios da súa función, o que denominamos segunda actividade.

ARTIGO 1º.- Os funcionarios que teñan diminuída a súa capacidade para presta-lo servizo ordinario, poderán pasar á situación de segunda actividade. Neste caso, prestarán servizo, sempre que sexa posible, en funcións auxiliares dentro da Policía Local e departamento de Obras e Servicios, e, cando non o sexa, noutras áreas municipais, en posto de traballo vacante que se considere axeitado.

ARTIGO 2º.- Ós funcionarios declarados en situación de segunda actividade que sexán adscritos a outros servizos, nos que existan postos vacantes, recoñeceráseles e conservaráselle-las retribucións básicas e complementarias, que lles correspondan no seu actual posto de traballo.

ARTIGO 3º.- Para ocupar postos de traballo vacantes noutras áreas do Concello, será preciso o informe favorable da Xefatura do Servizo, e ser oída a Xunta de Persoal do Concello.

A segunda actividade poderá ser voluntaria ou forzosa.

A segunda actividade voluntaria poderá ser solicitada por aqueles funcionarios que superen os 55 anos de idade.

A segunda actividade forzosa será declarada de oficio polo Sr. Alcalde cando se presuma que o funcionario non reúne as condicións físicas e/ou psíquicas necesarias para o servizo, á vista do informe médico correspondente.

ARTIGO 4º.- No 4º trimestre do ano o Xefe do Servizo emitirá un informe dos funcionarios que pola súa idade, ou condicións físico-psíquicas, acreditadas medicamente, considere deban pasar á segunda actividade.

ARTIGO 5º.- No primeiro trimestre do ano, o Sr. Alcalde resolverá sobre os funcionarios que deban adscribirse a outras funcións, que dende ese momento quedarán en situación de dispoñibles, sen prexuízo de seguir realizando dentro do Servizo outras funcións dentro das súas posibilidades.

ARTIGO 6º.- Na plantilla que se aprobe anualmente con ocasión de aprobación do presuposto, incluíranse os postos de traballos vacantes que poden ser ocupados en segunda actividade, previo informe da Xunta de Persoal.

ARTIGO 7º.- Unha vez o funcionario sexa destinado a un posto de traballo noutra área do Concello, deixará vacante un posto de traballo no servizo correspondente que levará aparelado a creación dunha nova praza.

A praza de funcionario en situación de segunda actividade, que pasa a prestar servizos noutra área do Concello, declararase a extinguir.

A praza vacante que se cubre como segunda actividade será amortizada para dotar de consignación presupostaria ás novas prazas.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Vilagarcía de Arousa, 1 de marzo de 2000.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.: Joaquín Javier Gago López